

Acta Reunión Extraordinaria da Comisión de Calidade do Centro (CCC)

Data: 4 de xullo de 2016

Hora: 12:30

Sala de Xuntas 3.1

Asistentes:

Gumersindo Feijoo Costa

Julia González Álvarez

David Losada Carril

Antonio Mosquera González

Francisco Omil Prieto

M^a Carmen Palacios Oubiña

José Varela Pet

Ausencias xustificadas: Javier Val Barbeira

PUNTO ÚNICO: Accións de Mellora para a acreditación do SGIC.

O Director comunica que o pasado día 15 de xuño recibíuse o Informe Provisional para a Certificación da Implantación do Sistema de Garantía de Calidade do centro. Dado que o prazo para presentación de alegacións ante a ACSUG remata mañá, trae para a súa aprobación o documento que para tal fin foi elaborado en estreita colaboración coa Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC (previamente achegado aos membros da Comisión por correo electrónico). O Director estima que un 70% do seu contido obedece a cuestións globais, por un 30% de aspectos que poden considerarse de execución directa na ETSE.

De seguido, o Director pasa a describir as seis accións de mellora que se pretende incorporar en resposta aos requirimentos que figuran no devandito Informe Provisional:

- AMETSE-06: relativo a documentación, supón na práctica unha translación do SGIC marco ao Sistema da ETSE. Pódese dicir que cubre dez das catorce melloras solicitadas pola ACSUG.
- AMETSE-07: sobre a actualización do Plan Executivo de Calidade (PEC), no cal deben introducirse obxectivos cuantificables.
- AMETSE-08: relacionado coa Información Pública dispoñible sobre os títulos baixo responsabilidade do centro, atenderase por medio da actualización do PEC.
- AMETSE-09: sobre incidencias e reclamacións, a súa posta na práctica está tamén contemplada na actualización do PEC.
- AMETSE-10: orientado ao desenvolvemento dun Manual de Procesos para o Sistema de Garantía de Seguridade e Saúde, implica a intervención da Comisión de Seguridade e Saúde do centro.
- AM-01: no cal se determina a revisión a un ano do SGIC marco da USC.

Para rematar, o Director resalta que a maior parte das accións executaranse a través do PEC do centro. Finalmente, apróbase por asentimento o documento de alegacións presentado.

Sen máis asuntos que tratar, péchase a sesión ás 12:45 h.